

Compromiso RSC



AXUDAS Á PARALIZACIÓN TEMPORAL DA ACTIVIDADE PESQUEIRA DERIVADAS DA PANDEMIA DO COVID-19

(Extracto do Real Decreto 703/2020, do 28 de xullo, do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación-BOE nº 209 do Luns, 3 de agosto de 2020)

(A título indicativo e non exhaustivo)

OBXECTO:

-Destinadas a armadores con ou sen procedemento de suspensión de contratos ou redución de xornada e aos pescadores que non estean incursos nun procedemento de suspensión de contratos ou de redución de xornada por paralización temporal da actividade pesqueira para o período comprendido entre o 16 de marzo e o 15 de xullo de 2020.

BENEFICIARIOS:

-**Armadores** de buques pesqueiros con actividade pesqueira de, alomenos, cento vinte días no mar, durante os dous anos anteriores á data de presentación da solicitude.. Para buques que levan menos de dous anos inscritos no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira calcularase a actividade proporcionalmente.

-**Pescadores** que traballasen alomenos cento vinte días, nos dous anos anteriores á data de presentación da solicitude. Se levan menos de dous anos calcularase proporcionalmente.

OS PESCADORES PRESENTARÁN AS SUAS SOLICITUDES E PERCIBIRÁN O SEU IMPORTE A TRAVÉS DOS ARMADORES DOS BUQUES NOS QUE ESTEAN ENROLADOS.

REQUISITOS PRINCIPAIS:

-Ter alomenos 4 días de paralización extraordinaria no período comprendido entre o 16 de marzo e o 31 de maio de 2020, non sendo necesario que ditos días sexan consecutivos. Entenderanse días de paralización extraordinaria os que excedan de número de días de parada para o mesmo período do ano de referencia, que será o de maior actividade entre os anos 2017, 2018 e 2019.

INCOMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

-As axudas percibidas para os armadores serán compatibles coas axudas concedidas por outras Administracións Públicas, sempre que as datas de paralización non se atopen incluídas no período comprendido entre o 16 de marzo e o 31 de maio de 2020.

-A axuda percibido polo armador será compatible coa percepción de axuda como pescador.

CONTÍA DA AXUDA:

-Armadores: -Baremo según GT do buque

-Pescadores: -Nº días * 50 €

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Do 13 de agosto ata o 2 de setembro de 2020.

-A presentación de solicitudes farase unicamente a través do rexistro electrónico do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

Máis información:

-Real Decreto 703/2020, de 28 de xullo (BOE Nº 209 DE 03/08/2020)

(https://www.boe.es/diario_boe/)

-Na Confraría